

Sabes que...

1. **As substancias químicas** que se manipulan ou xeran durante o traballo **poden penetrar no organismo**:
 - por inhalación ao respirar.
 - por contacto dérmico, a través da pel.
 - por inxestión, a través da boca por contacto coas mans, por bebidas ou alimentos contaminados.
 - a través de feridas ou erosións da pel.
2. **As substancias químicas considéranse perigosas** de acordo coas súas propiedades fisicoquímicas, toxicolóxicas (efectos sobre a saúde) e ecotoxicolóxicas (efectos sobre o ambiente).
3. Entre os **accidentes de traballo derivados da manipulación** de produtos químicos perigosos destacan:
 - Contactos dérmicos con substancias perigosas derramadas.
 - Proxeccións e salpicaduras en transvasamentos por vertedura libre.
 - Incendios ou intoxicacións por evaporación incontrolada de substancias inflamables ou tóxicas.
4. **Os produtos químicos perigosos poden afectar a saúde despois dunha exposición, a curto prazo** (irritación de ollos, nariz, gorxa, pel; sensación de somnolencia; mareos; dor de cabeza, ...), **ou por unha acumulación a longo prazo** (lesiões no sistema nervioso, provocar cancro, afectar a capacidade reprodutora, ...)
5. **O coñecemento** das propiedades fisicoquímicas ou toxicolóxicas do produto químico e de como deben ser as súas condicións seguras de uso axúdanos a evitar ou reducir os danos á saúde.

Referencias legislativas e técnicas

- Real decreto 363/1995 e Real decreto 255/2003, sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos.
- Real decreto 374/2001, relacionado coa exposición aos axentes químicos durante o traballo.
- Guía técnica de axentes químicos (INSHT).

Servizo Galego
de Saúde



División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional
Información divulgativa

PQcoP

Produtos químicos perigosos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE




SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

XUNTA DE GALICIA

O risco químico

ETIQUETA: Todo produto químico clasificado como perigoso debe incluír no seu envase unha etiqueta ben visible que te informará sobre os seus perigos e as precaucións que cómpre tomar na súa manipulación.

Sempre que unha etiquetaxe mostre un destes símbolos (pictogramas), o envase contén un produto clasificado como perigoso.



FICHA DE DATOS DE SEGURIDADE (FDS): complementa a información contida na etiqueta sobre as propiedades e os perigos para a saúde e o ambiente da substancia, así como sobre a súa manipulación, almacenamento e eliminación. Estas fichas tamén informan sobre as medidas de loita contra incendios, medios de protección, precaucións que cómpre tomar en caso de vertedura accidental e primeiros auxilios.

Que debo facer?

1. **Seguir** as instrucións e recomendacións de uso e boas prácticas de traballo, de almacenamento e eliminación.
2. **Comunicar** aos teus superiores calquera aspecto relacionado coas condicións de traballo que non fose previamente coñecido.
3. **Solicitar** información e formación cando teñas algunha dúbida sobre o produto químico, as condicións de uso ou os procedementos de traballo.

Boas prácticas de traballo

1. **Comproba os símbolos (pictogramas)** que contén a etiquetaxe do envase e préstalles **especial atención ás precaucións de uso** dos produtos químicos que inclúan as seguintes frases de risco (frases R) na súa etiquetaxe:

R39 Perigo de efectos irreversibles moi graves. / **R40** Posibles efectos canceríxenos. / **R42** Posibilidade de sensibilización por inhalación. / **R43** Posibilidade de sensibilización en contacto coa pel. / **R45** Pode causar cancro. / **R46** Pode causar alteracións xenéticas hereditarias. / **R48** Risco de efectos graves para a saúde no caso de exposición prolongada. / **R49** Pode causar cancro por inhalación. / **R60** Pode prexudicar a fertilidade. / **R61** Risco durante o embarazo de efectos adversos para o feto. / **R62** Posible risco de prexudicar a fertilidade. / **R63** Posible risco durante o embarazo de efectos adversos para o feto. / **R64** Pode prexudicar os nenos alimentados con leite materno. / **R67** A inhalación de vapores pode provocar somnolencia e vertixe. / **R68** Posibilidade de efectos irreversibles.

2. **Substitúe, sempre que sexa posible, os produtos químicos perigosos** por outros que non o sexan ou que o sexan en menor grao.
3. **Pecha os recipientes** despois do seu uso.
4. **Conserva a adecuada etiquetaxe** dos recipientes e botellas e etiqueta debidamente as solucións que teñas que preparar.
5. Non esquezas nunca o lema:

“DEPOIS DE TRANSVASAR TES QUE ETIQUETAR”

6. **Non volvas utilizar envases** sen informarte antes dos posibles riscos que poderían derivar do uso de recipientes baleiros e sucios e sen quitar a etiqueta orixinal. **Non sobrepoñas as etiquetas.**
7. Evita o **transvasamento** de substancias químicas por vertedura libre ou en lugares pouco ventilados.
8. **Almacena os produtos perigosos segundo as indicacións de seguridade** da etiqueta (frases S) e das FDS.



as boas prácticas



9. **Evita o contacto dérmico** cando se produza un derramamento de substancias perigosas:
 - Non uses trapos e papel para absorber substancias corrosivas.
 - Non uses serraduras para absorber líquidos inflamables.
 - Utiliza os equipos de **protección individual (EPI)** adecuados para as mans.
10. **Adopta medidas hixiénicas** adecuadas, tanto persoais coma de orde e limpeza.
11. **Utiliza o material de protección adecuado** e úsao correctamente para cada tarefa.
12. **A eliminación dos produtos químicos como residuos realizarase segundo o plan establecido.**

Cadro resumo de incompatibilidades de almacenamento de substancias perigosas

	+	-	-	-	+
	-	+	-	-	-
	-	-	+	-	+
	-	-	-	+	○
	+	-	+	○	+

(+) Pódense almacenar conxuntamente / (-) Non poden almacenarse xuntas

(○) Soamente poderán almacenarse xuntas no caso de adoptar certas medidas específicas de prevención